

Día internacional do libro

23 Abril de 2026

A lectura tamén pode ser unha porta para coñecer e coidar a nosa contorna. Nesta selección atoparás libros para toda a familia especialmente vencellados coa natureza e o coidado da terra.



Público adulto


Eres naturaleza : guía para vivir despacio y reconectar con lo esencial de Paula Vilaboy

Vivimos a un ritmo frenético a marxe do que nos marca a natureza; sentímonos totalmente desconectados a vez que pasamos horas hiperconectados a través dunha pantalla. Sempre temos presa, sempre queremos máis... e acabamos vivindo menos.



Os eidos. O libro do Courel de Uxío Novoneyra

Este libro de poesía en galego amosa unha fonda identificación do poeta coa natureza, que nos vai amosando un intimismo radical ligado á terra e ao sentimento de pertenza a ela.




Vivir sin plástico de Patricia Reina Toresano e Fernando Gómez Soria

Estes autores comparten con humor a súa experiencia para reducir o consumo de plástico de maneira sinsela. É unha guía práctica para tomar medidas na loita contra este material desechable.



Disfrutar en la naturaleza de Jose Luís Gallego

Recolle reflexións, sensacións e vivencias na natureza coa intención de amosar a riqueza e o incalculable valor do noso patrimonio natural.



Somos agua de Laura Madruño

Esta autora ofrece unha lección de amor pola natureza e unha reflexión sobre a necesidade de preservar os nosos océanos.



Outras propostas: La vida secreta de los árboles de Peter Wohlleben, Menos es más de Jasón Hickel, Animalium de Katie Scott ou Tierra de Xurxo Mariño.

Público infantil e xuvenil

Os bolechas: Coidamos a escola, coidamos o planeta de Pepe Carreiro




Idade: A partir de 3 anos

Este é un libro centrado en concienciar aos máis pequenos sobre o medio ambiente, a sustentabilidade e a necesidade de loitar contra o cambio climático.

A horta de Simón de Rocío Alejandro

Idade: A partir de 3 anos

Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu poñer tamén leitugas, tomates, berenxenas... E a horta tanto medrou, que se encheu de hortalizas e duns laboriosos agricultores.



Cuidemos de nuestro planeta de Katie Daynes



Idade: A partir de 7 anos

Este libro amosa de forma clara a través de solapas os problemas aos que se enfrenta o noso planeta e como podemos facer para mellorar a situación e lograr un futuro máis verde.

El libro del clima de Greta Thunberg

Idade: A partir de 12 anos

Como funciona o clima, como está cambiando no noso planeta, cómo nos afecta, que podemos facer ó respecto e que debemos facer agora: son algunhas das preguntas que responde este libro.



Ellas y el medio ambiente de Vichi de Marchi e Roberta Fulci



Idade: A partir de 12 anos

Este libro recompila as historias de 10 científicas que foron e siguen sendo chaves para a sustentabilidade e o coidado da natureza.

Outras propostas: Brillo: Las asombrosas maravillas de la bioluminiscencia de Jennifer N.R. Smith, El jardín curioso de Peter Brown ou O Berberecho Bartolo de Elisabet Rey.

Todos os públicos



Árboles: y su magia de Emmanuelle Kecir-Lepetit

Neste libro atoparás ilustracións coloridas e pequenos textos contando anécdotas e curiosidades sobre as árbores que nos rodean. Cada árbore é única! Date un paseo polos prados, bosques, cidades, xardíns e montañas para aprender a recoñecer as súas follas, troncos e flores.

Lo que cuentan las conchas de Helen Scales

A través de ilustracións detalladas, amósanos o marabilloso mundo das cunchas e das criaturas que as habitan, fomentando a observación activa.



Flores: y su magia de Emmanuelle Kecir-Lepetit

Aquí poderás ver vibrantes e coloridas ilustracións, amosando os segredos que agochan as flores. Toda flor ten a súa propia historia!

Curiosaurio. Hábitats del planeta de Mia Cassany Biosca

Descricións audaces e ilustracións realistas son algunhas das cousas que podemos atopar neste libro onde nos amosa os diversos hábitats do planeta.



Aves: y su magia de Emmanuelle Kecir-Lepetit

Neste libro atoparás ilustracións coloridas e pequenos textos contando anécdotas e curiosidades sobre as aves que nos rodean. Donas e donos dos xardíns e tellados. Cada ave ten as súas cualidades propias!